

TÃªboa rasa en Palestina

Description

O anuncio do movemento islamita Hamas de aceptar un acordo de reconciliaci3n con Al Fatah, a asinarse en decembro, abre diversas perspectivas en Palestina, especialmente agora que o presidente da Autoridade Nacional Palestina (ANP), Mahmud Abbas, anunciou que non se presentaría para outro mandato, adiantando para xaneiro de 2010 as elecci3ns internas na ANP.

Este acordo Hamas-Al Fatah tivo unha marcada implicaci3n doutros actores externos, como Exipto, Turquía e Siria, que mobilizaron as súas pezas para propiciar o achegamento. Os intereses exipcios poden explicarse ante a necesidade de aliviar a dramática situaci3n en Gaza provocada polo illamento internacional e a fortaleza de Hamas, que repercute en territorio exipcio ante o aluvi3n de refuxiados palestinos a través do pechado paso de Refah.

Pola súa banda, Turquía est levando a cabo unha activa *realpolitik* de implicaci3n en Oriente Pr3ximo, achegndose con contactos directos cara Irn, Siria e Hamas, que estn irritando a EEUU e Israel, os seus tradicionais aliados militares. O recente anuncio turco de suspender exercicios militares con Israel mentres apoiaba o programa nuclear iraniano e anunciaba exercicios militares conxuntos con Siria, acrecentou eses temores en Washington e Tel Aviv sobre o sbito cambio de orientaci3n de Ankara.

De ser as, e co aval exipcio e turco, Hamas tentar suavizar a tensi3n existente desde 2007, cando materializouse a divisi3n xeopoltica entre Cisjordania dominada por Al Fatah e a illada Gaza baixo dominio de Hamas.

Pero probablemente o factor decisivo que persuadiu Hamas a aceptar este acordo foi a renuncia de Abbas a competir por outro perodo presidencial. O movemento islamita acusa constantemente  “vella garda” de Al Fatah de corrupci3n e colaboraci3n co inimigo israel. Unha decisi3n que pode tamn manifestarse polas presi3ns das bases militantes de Al Fatah e das novas xeraci3ns que reclaman o seu peso dentro do espazo poltico palestino.

Pola súa banda, resta considerar c3mo reaccionar o goberno dereitista israel de Benjamn Netanyahu, mxime nun momento en que volve a subir a tensi3n de cara ao programa nuclear iraniano, ante as presuntas probas misilsticas de Tehern con oxivas nucleares. O presidente estadounidense Barack Obama tenta seguir disuadindo a Netanyahu a abrir maiores perspectivas de negociaci3n cos palestinos, as como persuade a Tel Aviv a non acelerar os seus anunciados plans de ataque contra as instalaci3ns nucleares iranianas.

Pode que o anuncio do acordo entre Hamas e Al Fatah contriba a desear unha nova estratexia de cara ao estancado proceso de negociaci3n con Israel. Neste caso, se os ventos de concordia semellan sobrevoar lixeiramente Palestina, pode deberse  conmemoraci3n do quinto aniversario da morte de Yasir Arafat, un factor simb3lico que favorecer esta sbita e anda incerta reconciliaci3n.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Oriente Medio ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Novembro 12, 2009

Meta Fields

Autoria : 3713

Datapublicacion : 2009-11-12 00:00:00